

ANEXO III
CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: 0474_BLUEBIOLAB_1_E. Proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa Interreg V A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020			
Título: Laboratorio Transfronteirizo de Biotecnoloxía Mariña (BLUEBIOLAB)			
CENTRO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)			
OBJECTO DO CONTRATO: colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica			
LUGAR E HORARIO: CICA (UDC), de luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:30 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado ☐		* Investigador en formación ☒ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico administrativo ☐		Axudante administrativo ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	
DURACIÓN	Até o 31/12/2021	DATA APROX. DE INICIO	01/09/2020
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.151,05 €			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6100280108 541A 649.02.00			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: grao, licenciatura ou equivalente (é obrigatorio estar matriculado nun programa de doutoramento do SUG)
EXPERIENCIA: ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: por correo electrónico a cica@udc.gal
PAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Jaime Rodríguez González (coordinador do proxecto), Rubén Reif López (xestor do proxecto) e investigadores do CICA pertencentes a grupos que participan no proxecto BLUEBIOLAB (Javier Cremades Ugarte - BIOCOST, M ^a Esperanza Cerdán Villanueva - EXPRELA, Carlos Jiménez González - QUIMOLMAT e Fernando Francisco Avecilla Porto - XENOMAR)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web do CICA (https://cica.udc.gal/)

A Coruña, 8 de xuño de 2020

O investigador principal,

Asdo.: Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	2RFYbG6Hy6u5UzNVWogssg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Jaime Rodríguez González	Asinado	08/06/2020 16:42:27
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2RFYbG6Hy6u5UzNVWogssg==		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Ofértase un contrato de investigador/a en formación para unha persoa con grao, licenciatura ou equivalente, ara realizar labores de investigación no marco do proxecto BLUEBIOLAB (<https://bluebiolab.eu>), financiado polo Programa Interreg POCTEP e cofinanciado con fondos FEDER. O/a investigador/a seleccionado/a integrárase nun dos grupos de investigación do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) (<https://cica.udc.gal/>) da UDC: BIOCOST, EXPRELA, GIBE, MICROALGAE, NEUROVER, QUIMOLMAT ou XENOMAR.

Posto que un dos obxectivos principais do Programa Interreg POCTEP consiste en “mellorar a excelencia científica do Espazo de Cooperación transfronteiriza e nas liñas de investigación con potencial para ser competitivas internacionalmente”, a persoa seleccionada realizará unha estadia de investigación dun mínimo de 3 meses dentro do período do contrato, cun dos socios portugueses do proxecto:

- Universidade do Minho
- Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental (Universidade do Porto)

TAREFAS A REALIZAR

As tarefas que realizará a persoa adxudicataria deste contrato serán de investigación relacionadas coa temática do proxecto, en concreto, o/a candidato/a deberá seleccionar unha das seguintes áreas de investigación prioritarias. Ademais da tarefa específica descrita, o/a candidato/a poderá propoñer outras tarefas sempre que se axusten á área de investigación prioritaria da súa elección:

- **Área 1:** Acuicultura e biotecnoloxía
Tarefa específica: desenvolvemento de técnicas moleculares con aplicabilidade no campo da acuicultura (por exemplo, para o diagnóstico de axentes bacterianos e virais).
- **Área 2:** Desenvolvemento de novos compostos bioactivos e biomateriais de orixe mariño
Tarefa específica: identificación de novas moléculas como armas terapéuticas en patoloxías de alta prevalencia epidemiolóxica. Avaliación o seu potencial e deseño de rutas de síntese.
- **Área 3:** Utilización de tecnoloxías ómicas para a comprensión da biodiversidade mariña
Tarefa específica: estudo da interacción entre factores ambientais e expresión xénica de organismos acuáticos, así como o desenvolvemento de marcadores e análise da súa diversidade molecular.

XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO

O tempo estimado para desenvolver este traballo establécese desde a data de inicio do contrato até a finalización do proxecto BLUEBIOLAB (31/12/2021), sendo de 16 meses aproximadamente. Non existe posibilidade de prórroga baixo o mesmo proxecto, salvo que se produza unha extensión do período de execución deste e a asignación orzamentaria o permita.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	2RFYbG6Hy6u5UzNVWogssg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Jaime Rodríguez González			Asinado	08/06/2020 16:42:27
Observacións				Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2RFYbG6Hy6u5UzNVWogssg==				



REQUISITOS DOS/DAS CANDIDATOS/AS

- Titulación académica: grao, licenciatura ou equivalente.
- Estar matriculado/a nun programa de doutoramento do Sistema Universitario Galego.

MÉRITOS QUE SE VALORARÁN

- Grao ou licenciatura en Química, Bioloxía, Biotecnoloxía ou Ciencias do Mar (ou disciplina análoga): **10 puntos**. Outras titulacións: **2 puntos**.
- Título de mestrado oficial relacionado cunha das áreas de investigación prioritarias do proxecto BLUEBIOLAB (**10 puntos**).
- *Curriculum vitae* da persoa candidata, do que se valorarán especificamente os seguintes méritos (**40 puntos máximo**):
 - o Experiencia en investigación nalgunha das tres áreas prioritarias do proxecto BLUEBIOLAB (1.5 puntos por mes, **até 15 puntos**).
 - o Méritos científicos: publicacións en revistas científicas indexadas (7 puntos por publicación) e comunicacións en congresos científicos (2 puntos por comunicación), **até un máximo de 15 puntos**.
 - o Coñecemento acreditado do idioma inglés (**até 5 puntos**): nivel B1: 2 puntos; nivel B2: 3 puntos; nivel C1 ou superior: 5 puntos.
 - o Asistencia acreditada con certificado de asistencia a eventos (cursos e seminarios) relacionados con algunha das áreas de investigación prioritarias do proxecto: **até 5 puntos** (1 punto por evento).
- Presentación dun resumo do proxecto de investigación que o/a candidato/a propón realizar no marco do proxecto BLUEBIOLAB (extensión máxima de 2 caras) (**hasta 10 puntos**).
- Cartas de interese, polo menos dúas, unha por parte dun/dunha IP pertencente ao grupo de investigación do CICA no que se integraría o/a candidato/a, e outra por parte dun/dunha IP integrante dunha das dúas institucións portuguesas que participan no proxecto. Facíltese soporte por parte do xestor do proxecto para a obtención das ditas cartas (email de contacto: proyectos.cica@udc.es) (**hasta 5 puntos**).
- Entrevista persoal para aqueles/as candidatos/as que obteñan un mínimo de **45 puntos** na suma de puntuacións dos méritos anteriores (**até 25 puntos**). Durante a entrevista, o/a aspirante poderá recibir preguntas relacionadas co proxecto de investigación que propondá realizar na área temática seleccionada, no contexto das tarefas descritas no apartado correspondente desta convocatoria.

En caso de solicitárselle, os/as candidatos/as presentarán a xustificación dos méritos incluídos no seu CV.

Esta convocatoria de contratación será declarada deserta no caso de que ningunha das candidaturas recibidas alcance o limiar dos **45 puntos**.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	2RFYbG6Hy6u5UzNVWogssg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Jaime Rodríguez González			Asinado	08/06/2020 16:42:27
Observacións				Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2RFYbG6Hy6u5UzNVWogssg==				

